



A APDR ACUSA Á XUNTA DE SOMETERSE AOS INTERESES DE ENCE

Vén de facer pública a Xunta de Galicia a súa valoración da avaría producida o pasado domingo na factoría ENCE en Lourizán e, lamentablemente, deixan ver máis unha vez que existe unha absoluta conivencia entre o goberno galego e a empresa pasteira; en efecto, no seu comunicado público a Consellería de Medio Ambiente limitase a facer súas as declaracións efectuadas días antes polos directivos de ENCE. Pretende a Consellería restar importancia ao incidente e insiste –como fixera ENCE- en ignorar que os escapes afectaron á cidadanía ao provocar irritacións de ollos, nariz e gorxa e problemas respiratorios.

Conclúe o goberno galego que os niveis de emisión de SO₂ (129 mg/N m³ segundo ENCE) estiveron sempre por baixo do límite máximo fixado na Autorización Ambiental Integrada (AAI) concedida á empresa, sen entrar a valorar un feito que é incontestábel: a eses niveis de emisión o dióxido de xofre provocou danos e molestias nas persoas. E bota man a Xunta dos datos rexistrados na estación de control da contaminación situada en Mollabao sen ter en conta que a citada estación non se atopa na dirección do vento no momento da avaría.

Para a Asociación Pola Defensa da Ría, que insiste en denunciar que a AAI outorgada a ENCE foi “feita á carta” e que a rede de control da contaminación atmosférica é inútil por estar situadas as estacións de control da contaminación fóra da dirección dos ventos dominantes, a Xunta debería facer prevalecer o dereito á saúde das persoas por riba dos intereses da empresa pasteira. Neste sentido, esixe ao goberno galego:

1º.- Que unha vez probada a afectación sobre a saúde de niveis de SO₂ por baixo do límite de 200 mg/N m³ fixado na AAI, proceda a revisar este límite, fixándoo por baixo dos valores que poidan incidir na saúde das persoas, unha revisión que debería facer extensiva ao resto dos compostos químicos emitidos por ENCE pola súa potencial perigosidade.

2º.- Que inicie un expediente administrativo contra a empresa pasteira polo comportamento adoptado fronte ao escape; o seu silencio e a falta de comunicación da avaría á cidadanía e ás autoridades municipais indican unha grave falta de respecto que o goberno galego non pode consentir.

3º.- Que, en coherencia coa sentenza ditada hai algo máis dun ano polo Tribunal Supremo, anule a AAI a ENCE e obrigue á empresa a solicitar unha nova autorización ambiental, que deberá incluír –como ocorre para o resto das empresas- a solicitude do preceptivo Informe de compatibilidade urbanística do Concello de Pontevedra.

4º.- Que dunha vez por todas abandone a súa tradicional política de submisión aos intereses da dirección de ENCE, defenda o interese xeral e, consecuentemente, impida a continuidade da pasteira en Lourizán mais alá do 2015, ano no que remata a actual AAI da fábrica de Lourizán.

Para a APDR, que non descarta iniciar unha denuncia xudicial contra a empresa, a posición adoptada polo goberno galego faino cómplice do xeito de actuar da dirección de ENCE e, xa que logo, coresponsábel das molestias provocadas na poboación pontevedresa.

Pontevedra, 15 de agosto de 2013

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR